

O Lanzal

Revista anual do "C.E.I.P. O Pombal"

Curso 2006/07



San Valentín



Anxo Feriña



Castelao

Monográfico: A NOSA BIBLIOTECA CHÁMASE CASTELAO



Mozart



Manuel Solla



O Rato Pérez



Maga Esther



Cortacortos: LOIS e BEA



Asterix e Obelix



Imaxinación



Mago Cal



Fina Casalderey



Pepi Carreira





SUMARIO



> EDITORIAL, A NOSA BIBLIOTHECA CASTELÃO	PÁX 2
> EN SETEMBRO, COÑECIMOS A CASTELÃO, AULAS DE 3 ANOS	PÁX 4
> EN OUTUBRO, ASERDC E OBELDC, AULAS DE 4 ANOS	PÁX 6
> REFRANEIRO DE NOVENBRO, AULAS DE 5 ANOS	PÁX 8
> EN NADAL, PASÁMOLO MOI BEN, AULAS DE 1ª PRIMARIA	PÁX 10
> REFRANEIRO DE XANEIRO, AULAS DE 2ª DE PRIMARIA	PÁX 12
> EN XANEIRO, OS LIBROS FALAMOS DE PAZ, CLASE DE RELACIÓN	PÁX 14
> A MÚSICA NO COLECCIÓN POMBAL, AULA DE MÚSICA	PÁX 15
> EN FEBREIRO, O ENTROIDO, AULAS DE 3ª PRIMARIA	PÁX 16
> EN MARZO, A PRENSA, AULAS DE 4ª PRIMARIA	PÁX 17
> EN ABRIL, A NOSA BIBLIOTHECA CASTELÃO, AULAS DE 5ª DE PRIMARIA	PÁX 19
> EN MAIO, AS LETRAS GALEGAS: MARÍA MARINHO, AULAS DE 6ª DE PRIMARIA	PÁX 21
> REFRANS DE XUÑO, AULA DE AUDICIÓN E LINGUAXE	PÁX 23
> A SPRORY IS COMING, AULA DE INGLÉS	PÁX 24
> REFRAN DE AGOSTO, AULA DE PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA	PÁX 25
> UNHA IMAXE VALE MÁIS QUE MIL PALABRAS, DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	PÁX 26
> A VENTÁ DA ANPA	PÁX 27
> FELIZ ANIVERSARIO AMIGO CASTELÃO, AULA DE INFORMÁTICA	PÁX 28



EDITORIAL

Benquerid@s lectores e lectoras do Xornal Escolar O Lanzal:

Este curso decidimos entre tod@s adicar un **monográfico** en torno a todo o que xira arredor **da nosa Biblioteca**, a Biblioteca Castelao, xa que, como tod@s sabedes ,o noso colexio foi un dos seleccionados entre varios centros de ensino de Galiza para formar parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.

Comunicámonos con todo o profesorado e os nenos e nenas do colexio, ó longo de todo o curso, mediante **cartas especiais** que recibían, contándolles o que se ía facer na Biblioteca. Moitas veces participaron os seus compañeiros anunciando diferentes actividades: Astérix e Obélix, Mozart e Constance.

Elaboramos un **calendario por meses coas propostas de actividades**. A primeira actividade foi coñecer un pouco máis a nosa Biblioteca (distribución dos libros, cores, nome,...) e para elo elaboramos unha serie de xogos por niveis. O primeiro día que baixaron á Biblioteca enriba das carpetas para cada neno había un agasallo para a súa aula. Tratábase dun libro para ler na clase e intercambiar ó longo de todo o curso coas demais aulas. Ademais recibiron material da campaña "Hora de Ler".

Ambientámo-la entrada da biblioteca con diferentes decorados, según a actividade que se celebraba: Hora de ler, Imaxinación, San Valentín, A primavera...

Colaboramos coas **campañas** relacionadas que propuxeron as **Consellerías de Educación e a de Cultura**: Hora de Ler, Concurso actividades Mes de Abril,...

Organizamos **diversas exposicións** nas que debemos destacar a gran colaboración das familias do colexio: libros de Astérix en distintas linguas, aniversario de Mozart, cousas máxicas e do Nadal, libros que falan de Paz, libros de adiviñas e poesía, Castelao,...





Participamos nas actividades propostas dende a Biblioteca: Libro da A á Z con Mozart, Postal de Nadal con libros recomendados, Ler en Rebaixas, Contos do Entroido, Semana da Prensa, Os Sons e as Flores da Primavera (adiviñas), Mes do Libro, Letras Galegas, I Feira do Libro de Ocasión (para esto ó longo de todo o curso o profesorado selou os cartóns de Castelao que cada nen@ ten na súa carpeta de biblioteca e que serán canxeados por "europombais"), colorear un personaxe de conto para colocar na zona de aventuras cercana á biblioteca....Iniciamos a informatización dos fondos bibliotecarios utilizando o Programa Meiga.

Convocamos o I Concurso de Cartas de Amor e Amizade. A resposta por parte do alumnado foi moi positiva. Esperamos que en vindeiros anos se animen un pouco máis e aumente a participación.

Cabe destacar por outra banda a visita de varios escritores, ilustradores e contacontos que nos fixeron pasar verdadeiros momentos máxicos como: Pepe Carreiro, Anxo Fariña, Fina Casalderrey, Ricardo Gómez, a maga Esther, o mago Cali, Benxamin Novoa, Bea e Luis, Manuel Solla,....

No mes de Abril, concretamente o día 20, celebramos o VI Aniversario da Biblioteca Castelao. Como todos os aniversarios tivemos torta, cantamos cancións e sopramos as velas. Ademais a entrada principal estivo decorada con globos, serpentinas, pratos, vasos,... coma unha verdadeira festa. Todos os cursos participaron nesta xornada festiva con moita ilusión e alegría. Ademais como ese día nos visitou a escritora Fina Casalderrey, ela mesma foi a mestra de ceremonias e a encargada de cortala banda da porta da biblioteca e de tirar da piñata de aniversario.

Sólo nos queda dicir que moitas grazas a tod@s pola vosa colaboración, ilusión e traballo. Sen vos todas estas biblioactividades no se poderían facer. Notar a vosa compañía e bo facer na biblioteca fainos disfrutar moitísimo e animanos a seguir coa nosa tarefa de bibliotecarios.



Un bico moi grande.



Castelao e o Rato Pérez

EQUIPO
DE
BIBLIOTECA



SETEMBR

CONECIMOS A...

CASTELAO



EÓ...

R+O

P&R&Z



3 ANOS
A

TODOS TEMOS UNHA CARPETA E A
DECORAMOS CUN DEBUXO



ASTÉRIX E OBÉLIX ESTIVERON EN OUTUBRO NA NOSSA BIBLIOTECA



OS MENOS DE 4 ANOS VIRONOS ASSÍ...




ASTERIX É PEQUENO
CON BIGOTE AMARELO



OBÉLIX É GORDO E ALTO
IDEA-FIX É O SEU CAN

EST ÃN NOS CÔMICS



E PELÍCULAS

INFANTIL
4 ANOS B.

NO MES DE NOVENBRO
FIXAMOS O REFRAN:



POLO SAN
MARTIÑO



MATA O
PORCO



E O PROBA
VINO

INFANTIL
5B

MANUEL - LUIS - VICTOR - WAF - AMO - IBENE - MARIO - FATEMA

SARA - VIA - ANDRE - JARA - MATHE - ALICIA - MARTI - JONATHAN

DAVID -

9 WENIDDEI

D
E
C
E
M
B
R
O

Representamos o noso
refrán

O mes de Nadal neve, xizada
e auga con el traerá.

1ºA-1ºB





Pasámolo ben
na biblioteca
con

▲ BENXAMIN NOVOA



A
N
X
O
F
A
R
I
O





Refraneiro de Xaneiro




Nin lúa clara como a de Xaneiro
nin amor coma o primeiro: ❤️



Cando as nés cantan no ruciro,
señal de fame no Xaneiro,







O día 30 de Xaneiro celebrámo-lo Día Escolar pola Paz e aa que este ano toda-las actividades do colexio parten da biblioteca, na clase de Relixión escollémo-lo libro "O Señor Guerra e a Señora Paz" para traballar con el.

Na clase lémolo libro e vimos como o guión do Señor Guerra rematou namorándose da Señora Paz, vencendo así o amor.

Is si, antes de que isto ocorrera acontecéronlle moitas cousas pero o final....

¡ Remataron xuntos !.





A MÚSICA NO COLEXIO POMBAL



Este ano celebramos en todo o colexio o **250 aniversario do nacemento de Mozart** (1756-2006). Para elo se propuxeron dende a Biblioteca diversas actividades: exposición de Mozart (libros, partituras, fotos,...), elaboración dun libro (Da A á Z con Mozart e a música) no que participaron tódalas aulas do colexio,... Tamén na Aula de Música durante o mes de novembro fixemos actividades relacionadas con este gran músico:

- E. Infantil: construción de maracas, pegar algodón na peluca de Mozart, ...
- 1º Ciclo: música en cores, a familia de Mozart,...
- 2º Ciclo: o amor de Papaxeno, xogos,...
- 3º Ciclo: xogos sobre a vida e a época de Mozart, traballos sobre a biografía e a obra de Mozart,...

Na aula había unha pequena exposición con libros, vídeos e C.D.'s de Mozart adaptados a tódolos niveis. Despois de todo o que aprendemos sobre este músico sólo podemos exclamar: "¡Grazas por existir!".

A Aula de Música tamén participou nunha novedosa proposta do **Nadal: Cantar os Reis polas aulas** (un curso cantaba panxoliñas a outro curso e así sucesivamente). As panxoliñas elixidas estaban inspiradas en contos: Dinosaurios Divertidos, Buscando Papá Noel e Animales del Bosque.


No **Entroido** tamén lle puxemos ritmo ós diversos bailes que se fixeron. Todas as músicas estaban relacionadas co conto elixido e tod@s @s nen@s bailaron e interpretaron o seu conto con moita ilusión.

Na **Semana da Prensa** participamos facendo para cada nivel diferentes actividades relacionadas coa música e os xornais: sopas de letras, enredos, unir con frechas, formar palabras utilizando as notas musicais, clasificar instrumentos e familias, O Pombal Test,...

A aula de música colaborou coa parte musical na gravación do **Refranceiro** no que participaron as aulas de todo o colexio e que será presentado a un concurso sobre tradición oral organizado por Ponte nas Ondas.



Exposición de Mozart na Aula de Música





ENTROIDO NO POMBAL:

Este ano, por ir adicado á Biblioteca, celebrámo-lo Entroido a través de distintos contos.

Nas comparsas presentáronse as personaxes destas historias: O gato con botas, Peter Pan, Elmer, 101 Dálmatas, o flautista de Amelin, Brancaneves, Carapuchiña vermella e Alibabá e os 40 ladróns, representando unha actuación de cada conto.



CARAPUCHIÑA VERNELLA



BRANCANEVES

3º A, B



O ENTROIDO EN GALICIA

Entroido significa "entrada" "comezo do ano, da primavera ou da entrada ao tempo da Cuaresma"

DATAS DE CELEBRACIÓN

- Domingo de Fareleiro
- Xoves de Comadres e Compadres
- Domingo corredeiro
- Tres días que se chaman Santo Entroido, Domingo, Luns e Martes rematando o Mércores de Cinza co enterro do meco ou sardiña



BICHEIROS del BERBÉS
VIGO



PELIQUEIROS VERÍN

AS MÁSCARAS



ULLA




AS DAMAS

AS COMIDAS

Durante o Entroido consúmese cacheira, lacón, chourizos...

De postre: Bolo do entroido ou bica, filloas, orellas, chulas e flores.



DO 12 AO 16 DE MARZO

FARO DE VIGO
SEMANA
DA GALICIA
Atlántico
PRENSA

O LUNS : Noticias sobre libros, escritores, editoriais...

O MARTES : Noticias curiosas.

MÉRCORES : Noticias con protagonistas femininas.

XOVES : Noticias con protagonistas masculinos.

VENRES : Día sen libros na aula.

4ºA
4ºB

4ºA e 4ºB

El Consejo de la Xunta decide el ayer espacio protegido al entorno de la 'carballea da rocha'. Se trata de un roble de 400 años y 33 metros de altura que está situado en las cercanías de la localidad ourensana de Rairiz de la Veiga.



Forster and Wagner and also T. J. V.

Juan Carlos Castro



Unha alumna, a nacional do certame de ortografía

Gaúcha participa, junto com outras Comunidades Autônomas, na convocação do Ministério de Educação do VII Concurso Hispanoamericano de Ortografia. Neste concurso pode participar o alumnado espanhol que no curso 2006-07 está a cursar 2º de Bacharelato em centros públicos e privados.

de dejó sin

En la capital y se registraron ex

El temporal causa problemas a vehículos, trenes y aviones.

El frío, la nieve y el viento colapsan el norte de España

SANTIAGO
L...

Los institutos requisan los móviles a los alumnos

Los investigadores han prohibido a los alumnos el uso del móvil dentro de los centros y les requisan los aparatos durante una semana si sueñan en clase. Si el escolar reincide, la dirección avisa entonces a los padres.

3. Dia Mundial da Água

© 2000 Blackwell Science Ltd

VIDEO

Operan al niño que estuvo 506 días en lista de espera

■ Sergio Alzate, de 8 años, fue operado el lunes en el Hospital Xeral de una luxación en la rodilla izquierda tras 306 días de espera por un quirófano. La intervención duró una hora y, según el padre, fue un completo éxito.

 $4^{\circ}A$ e $4^{\circ}B$

ABRIL

Alfonso Rodríguez Castelao.

Alfonso D. R. Castelao naceu en Rianxo en 1886 e morreu en Buenos Aires en 1950. Estudou medicina en Santiago, onde comezou a ser popular polas caricaturas que illa facía a profesores e compañeiros.

Viviu en Pontevedra, onde daba clases como profesor de debuxo no instituto. Participa activamente coas Irmandades da Fala ó tempo que expón debuxos, colabora na prensa, dá conferencias e leva a dirección artística da revista «Nós».

A obra de Castelao.





- Eu hoxe non quería ir á escola, porque... ¡Total
Para o que se aprende num día!...



- Bueno... ¿E logo como son os cangrexos
de Madrid?
- Encarnados.

5: A

LETRAS GALEGAS MAIO 2007

María

Mariño naceu en Noia en 1907 no seo dunha familia humilde. Era a segunda filla de Xosé María Mariño, de profesión zapateiro, e de Filomena Carou, costureira, xunto con outros catro irmáns. Viviu algún tempo cunha tía que traballaba como cociñeira no Pazo de Goiáns, en Boiro. Na biblioteca do pazo pasou moitas horas lendo. Ali se afeccionou pola literatura. Casou María co mestre Roberto Posse Carballido en 1939. Os dous trasladáronse ó País Basco. Eran anos despois da guerra civil. En Elanxobe, moi pretoño de Guernica, tiveron un fillo que morreu cun mes e medio; ó mesmo tempo tamén morreu a nai de María.


A pobre caeu nunha fonda depresión. Volveu a Galicia e instálanse definitivamente no Courel ata a fin dos seus días. No Courel coñece ó poeta dos "tesos cumes que ollan de lonxe", Uxío Novoneyra quen a anima a escribir para superar a fonda tristura coa que vivía. Tamén entra en contacto con outros poetas e escritores como Manuel María, García Sabell, Ramón Piñeiro, Morre María en Maio do ano 1967 en Parada do Courel.



6ª-B



ENCRUCILLADO



- 1.-Nome da súa nai
- 2.-Lugar onde naceu
- 3.-Lugar onde se traslada a vivir cos seus pais
- 4.-Profesión do pai
- 5.-Pazo onde se afeccionou a lectura
- 6.-Profesión do seu home
- 7.-Xénero literario no que destacou
- 8.-Lugar onde morreu
- 9.-Poeta galego que a animou a escribir
- 10.-Mes do seu nacemento
- 11.-Profesión da nai

COMPLETA O TÍTULO



DESTA OBRA

Busca catro topónimos relacionados con María Mariño.

C	X	F	C	N	I	D	N
Z	T	B	O	F	B	A	O
N	Q	O	U	O	O	Z	I
G	U	E	R	N	I	C	A
C	H	Q	E	V	R	O	W
Y	E	R	L	Q	O	Y	P

6ª-β

Mes de Xuño, ou de San Xoán

Tradicionalmente Xuño é coñecido coma San Xoán, non sexa unha data moi significativa deste mes, o día 24. Este día abreille as portas ao verán, e con el chega a calor e a alegría das festas e romarías, perdéndose as penas e os males das duras laboaras do campo. De ahí a orixe e aparición de contos, ditos e refráns que constitúen un rico patrimonio dentro da nosa tradición e cultura oral. Dos moitos refráns que se refíren a este mes, temos:



O primeiro trae
fleites
o segundo trae
pan e as traçadas
San Xoán



En San Xoán pregunta
a vella como virá o
Verán.



Aula de
Audición
e Linguaxe



Listen to the sound....

A story is coming! Surprise!!!

(Unha historia sempre garda unha sorpresa...)



What's on
in the school Library?



The five princesses



Owl babies



Red riding hood

Three little pigs

O MAR'S FAMILY

AULA
INGLÉS

"Listen to the sound of the river and you will get a trout" (Irish saying)



UNHA IMAXE VALE MÁIS QUE MIL PALABRAS

Este vello dito parece ser nestes intres máis realidade que nunca, coa chegada de internet ás nosas vidas, daquela, ¿por qué temos que ler libros?

A lectura non é importante porque nos divirta, porque nos transmita información, ou porque permita coñecermos a literatura do noso Século de Ouro, o é porque a intelixencia humana é ante todo unha intelixencia lingüística, e só gracias a linguaxe podémola desenrolar, comprender o mundo, inventar grandes cousas, convivir, aclarar os nosos sentimentos, facer planes, ou resolver os nosos problemas. Unha intelixencia chea de imáxenes e vacía de palabras é unha intelixencia mínima, case inútil. Cada vocábulo é unha ferramenta para analizar a realidade. Por exemplo, o vocabulario sentimental permítenos aclarar o que sentimos.

Na animación lectora xoga un papel moi importante o grao de desenrolo da imaxinación do neno e a capacidade de expresión oral e escrita que teña. Moitas veces queixámonos das deficiencias que teñen os nosos alumnos/as nestes aspectos tan necesarios, e sobre todo nos quedan patentes cando lle pedimos que escriban algo, que faga unha produción escrita de seu.

O desenrolo da expresión dramática e a poesía son complementos ideais para o fomento e crecemento da fantasía e a creatividade, favorecen a mellora e o coñecemento do idioma. Unha poesía, exerce sempre un profundo e misterioso efecto sobre os nenos, exercita a memoria, aumenta o vocabulario e invita a ler.

Neste curso temos traballado a animación a ler dun xeito singular. O Departamento de Orientación ten contribuído nese senso facendo actividades como: as probas de velocidade lectora, subindo ata a copa da árbore da lectura a os máis lectores, ou incentivando a lectura dende o teatro lido que levamos a cabo nalgúns niveis.

Pero todas estas actividades e outras moitas programadas e traballadas no colexio, non van servir de moito se na casa non encontran continuidade dalgún xeito, e non olvidemos que é case milagroso que saia un bo lector/a de un neno/a que non viu ler os pais na casa, a labor dos pais xamais a poderán substituír as novas tecnoloxías, porque non é certo que teñamos entrado nunha prodixiosa sociedade da información, en todo caso temos entrado nunha "sociedade da aprendizaxe" onde saíran a floté os que sepan aprender, en definitiva os que lean mais e mellor.



A Orientadora

Graciela Coello Domínguez

A VENTÁ DA A.N.P.A.

HAI "CEGOS" QUE
NON QUEREN VER O
QUE OCURRE, E
CREEN QUE AS
COUSAS SE FAN
SOAS E DURARAN
PARA SEMPRE



PERO OS "CEGOS"
PODEN FALAR I
ESCOITAR

HAI "XORDOS" QUE
NON QUEREN OUVIR
OS DE MAIS, QUE LLE
INSISTENCIA
NECESIDADE DE
IMPLICACIÓN E
COLABORACIÓN NA
ESCOLA



PERO OS "XORDOS"
PODEN VER E FALAR

HAI "MUDOS" QUE
NON QUEREN FALAR
NIN COMPARTIR O
SEU COÑECEMENTO
OU O SEU TEMPO
PARA PROGRESO DO
CENTRO.




PERO OS "MUDOS"
PODEN VER I
ESCOITAR

DENDE A A.N.P.A. QUERÉMVOS FACER VER QUE TODOS PODEMOS
APORTAR ALGO (TEMPO, COÑECEMENTOS, ETC) PARA O PROGRESO DA
ESCOLA, E O MELLOR DESENROLADO DOS NÓSOS FILLOS/AS.

A PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN É IMPRESCINDIBLE PARA O
FUNCIONAMENTO DA A.N.P.A., E CON ELA A EXISTENCIA DOS SERVIZOS DE
COMEDOR, ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES, PROMOCIÓN DE FESTAS E
ACTIVIDADES, VÍNCULO OFICIAL PAÍS-ESCOLA, ETC.

OS MOI POUCOS QUE AGORA MESMO XESTIONAMOS A A.N.P.A. NON
QUEREMOS QUE O CENTRO SE CONVERTA NUNHA ESCOLA DE "CEGOS" NIN
"XORDOS" NIN "MUDOS", PORQUE VAÍ EN PERIURIO DE TODA A ESCOLA E O
FUTURO DOS MENINOS E MENAS.

!!! ACHÉGATE A ORIGNADA A A.N.P.A. E INFORMATE!!! (O MOI IMPORTANTE!!!)



para castelao dos nenos de 5 anos



FELIZ ANIVERSÁRIO
AMIGO CASTELAO

